



A Coruña, 5 de marzo do 2023

A directiva dos Amigos do Arqueolóxico da Coruña convoca a Asemblea Xeral da asociación a celebrar na sala de actos-biblioteca da Casa-Museo Casares Quiroga (rúa Panaderas, 12), o vindeiro venres día 10 de marzo, ás 18,00 horas en primeira convocatoria, e ás 18,30 horas en segunda convocatoria.

A orde do día desta Asemblea Xeral Ordinaria será a seguinte:

- 1) Renovación de cargos da Xunta Directiva.
- 2) Presentación de futuras actividades

Se non se presenta ningunha candidatura agardamos que Suso Baños e Pancho Gallego continúan desempeñando cargos na mesma, e que se propoña algunha outra persoa para conformar o mínimo de integrantes que establecen os Estatutos (Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro e un Vocal).

Despois do parón forzoso destes tres últimos anos debido á pandemia do Covid, pretendemos reiniciar o programa de xeiras.

Entendemos que tres anos de parón son demasiados pero todos sabemos as circunstancias que aconteceron. Esta Asemblea servirá tamén para poder vernos despois de tanto tempo e poder falar animosamente.

Sen máis, agardamos a vosa presenza

Asdo.: Xesús Baños Rodríguez. Presidente

